



CONCELLOS

LÁNCARA

Anuncio

Por resolución de alcaldía de 26 de maio de 2020, acordouse continuar co procedemento de selección dun/ha funcionario/a de carreira, Administrativo/a deste Concello mediante concurso – oposición libre correspondente á oferta de emprego público de 2019.

A terceira proba da fase de oposición terá lugar o vindeiro día 10 de xuño de 2020, ás 9.30 horas, no Polifuncional do Campo da Feira de A Pobra de San Xiao do Concello de Láncara.

A consulta do texto íntegro da resolución pode consultarse no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello <https://lancara.sedelectronica.gal>.

Láncara, 26 de maio de 2020.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0943

MONDOÑEDO

Anuncio

Rendida a Conta Xeral para o exercicio 2019 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 26 de maio do 2020, a mesma, xunto co ditamen e documentos que a xustifican expónse ao público na Secretaría-Intervención municipal, polo prazo de 15 días hábiles que computaranse a partir do día seguinte da publicación do seguinte anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais.

Mondoñedo, 27 de maio de 2020.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Lugide.

R. 0950

Anuncio

Aprobación das bases reguladoras das axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de mondoñedo, para paliar os efectos do coronavirus (covid-19)

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 29 de maio de 2020, acordou a aprobación das bases reguladoras das axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de mondoñedo, para paliar os efectos do coronavirus (covid-19).

Dando cumprimento ao acordo plenario, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. As bases están expostas no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal.

Mondoñedo, 1 de xuño de 2020.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MONDOÑEDO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19)

1.- Obxecto da presente convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Mondoñedo, outorgando liquidez os autónomos e as empresas do concello para, contribuíndo a facilitar o cumprimento das súas obrigas, axudar ao mantemento da actividade e así acadar a debida protección do emprego.

Preténdese protexer o interese xeral dos veciños e das veciñas de Mondoñedo, dando soporte ás persoas autónomas, microempresa e pequena empresa, así como aos traballadores por conta allea residentes no concello para minimizar o impacto da crise económica provocada polo COVID-19 e para que unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía do noso municipio, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas e xurídicas máis afectadas, como autónomos, pemes, traballadores e familias.

O papel dos concellos na crise económica e de emprego que nos vai tocar vivir é clave porque a Administración do Estado e autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais.

Ese rol que cumpren as estruturas locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

2.- Normativa aplicable.

1.- A presente convocatoria rexeráse, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- Así mesmo, están sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

3.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrência, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

4.- A súa tramitación realizarase por medios electrónicos, na medida do posible, en aplicación do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta que a actual declaración do estado de alarma limita a circulación das persoas polas vías ou espazos de uso público. De facelo de maneira presencial adoptaranse as medidas de seguridade esixidas polo estado de alarma.

3.- Crédito orzamentario

A contía destinada a atender a estas subvencións ascende a un importe total de 30.000,00 € do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación 430.480, financiado mediante recursos propios municipais.

Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible.

No suposto de que unha vez revisados todos os expedientes presentados no prazo establecido nesta convocatoria e non téndose esgotado o crédito establecido na mesma, o remanente existente poderá redistribuírse entre as solicitudes presentadas, ditando ó efecto as normas necesarias para a súa execución dentro do exercicio 2020.

4.- Contía das Axudas

Con base no artigo 30.7 da LXS:

A axuda a conceder será a resultante de aplicar unha porcentaxe consonte ao baremo que máis abaixo se indica, sobre os gastos subvencionables que tiveran que soportar as persoas físicas e xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo cando a actividade que desenvolvan se tivese visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modificou o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo.

Gastos subvencionables: serán os gastos de subministracións de enerxía eléctrica afectos a actividade e soportados no período comprendido entre o 1 de marzo ata o 30 de abril de duos mil vinte (01/03/2020 ao 30/04/2020).

Baremo:

Importe total gastos subvencionables entre o 01/03/2020 e o 30/04/2020	Porcentaxe de axuda
0-250€	100%
251€-500€	95%
501€-750€	90%
751€ en diante	85%

Contías máximas:

Subvencionarase o 100% do total dos gastos subvencionables xustificados e debidamente pagados ata un **importe máximo individualizado por persoa ou entidade beneficiaria de 700,00 euros (setecentos euros)**.

O importe dos gastos subvencionables reduciranse nun 25% para o caso de traballadores autónomos beneficiarios do bono social eléctrico ao que se refire o *artigo 28 do R.D. Lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19* e a *Orde TED/320/2020, de 3 de abril, pola que se desenvolven determinados aspectos do dereito a percepción do bono social por parte de traballadores autónomos que cesaran a súa actividade ou viran reducida a súa facturación como consecuencia do COVID-19 e se modifica o modelo de solicitude do bono social para traballadores autónomos que viran afectada a súa actividade como consecuencia do COVID-19, establecido no Anexo IV do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, cando nas facturas xustificativas aportadas non se contemplase aínda pola compañía eléctrica a redución do 25% concedido*.

5.- Requisitos para ser persoa ou empresa beneficiaria.

Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa ou pequena empresa. (A microempresa e as pequena empresas son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014).

b) Que a actividade que desenvolven se tivera visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo. A estes efectos, considerarase afectado polo peche aqueles empresarios individuais ou colectivos inscritos no rexistro de comercio ambulante de Galicia que cesaran na súa actividade como consecuencia as suspensión de feiras e mercados. Este requisito xustificarse a través dunha declaración xurada que acompañará á instancia presentada e xunto coa documentación requirida no punto 8 desta convocatoria.

c) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia.

d) Que, o domicilio fiscal ou no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade se atopen no termo municipal de Mondoñedo.

e) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

f) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Mondoñedo. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

g) Ter xustificado calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello de Mondoñedo, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.

h) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de

participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

6.- Concorrenza con outras subvencións

En caso de resultar beneficiaria dunha subvención ao abeiro da presente convocatoria e con posterioridade resultar beneficiaria doutra subvención incompatible coa mesma, poderase renunciar á subvención concedida polo Concello de Mondoñedo, reintegrando o importe percibido e aboando ademais os correspondentes xuros de mora xerados, tal e como se establece na Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e demais normativa aplicable.

7.- Prazo e Forma de presentación de solicitudes

1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal www.concellomondonedo.es e nas oficinas municipais.

2.- As solicitudes, poderán presentarse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Mondoñedo accesible a través do enlace <https://mondonedo.sedelectronica.gal> utilizando o modelo normalizado adxunto ás presentes bases ou nas oficinas municipais.

3.- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

8.- Documentación a achegar.

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

A. En caso de persoa física:

- a) DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte.
- b) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.
- c) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.
- d) Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da subvención.
- e) Facturas dos gastos de subministracións de electricidade afectos a actividade obxecto de subvención, xunto coa acreditación do seu pagamento.

B. En caso de persoas xurídicas, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

- a) CIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- b) Certificado actualizado de Situación Censal da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o local de desenvolvemento da actividade.
- c) Contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
- d) Escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro.
- e) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.
- f) DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma.
- g) Alta no réxime da Seguridade social correspondente da persoa administradora.
- h) Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da subvención.
- i) Facturas dos gastos de subministracións de electricidade afectos á actividade obxecto de subvención, xunto coa acreditación do seu pagamento.

No caso que a persoa física, xurídica, comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade sen personalidade xurídica, que realice a solicitude de subvención tivese concedido un adiamento/fraccionamento de débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Tesourería Municipal, deberá presentar coa solicitude, a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á concesión do adiamento.

2.- Deberase presentar así mesmo unha declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante o tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.
- -Que a persoa solicitante, no caso de tratarse de traballador autónomo, non é beneficiario do bono social ao que se refire o *artigo 28 do R.D. Lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19* e a *Orde TED/320/2020, de 3 de abril, pola que se desenvolven determinados aspectos do dereito a percepción do bono social por parte de traballadores autónomos que cesaran a súa actividade ou viran reducida a súa facturación como consecuencia do COVID-19 e se modifica o modelo de solicitude do bono social para traballadores autónomos que viran afectada a súa actividade como consecuencia do COVID-19, establecido no Anexo IV do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19*.
- Para o caso de ser beneficiario de dito bono social eléctrico, indícase igualmente esta circunstancia xunto coa resolución da comercializadora de referencia.

3.- Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), fronte á Seguridade Social (TGSS), e autorización para a consulta do informe de vida laboral, asinado pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante. Cando a persoa interesada non é a mesma que a persoa que asina a solicitude deberá cumprimentarse o anexo da instancia para autorizar á consulta da vida laboral e estar asinado pola persoa interesada.

9.- Obrigas das persoas e entidades beneficiarias

Son obrigas dos beneficiarios das axudas:

- a) Manter a actividade empresarial durante 3 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.
- c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

f) A aceptación das subvencións por parte das entidades beneficiarias implica a suxección ás obrigas establecidas con carácter xeral nas presentes bases e demais normativa aplicable en materia de subvencións.

g) Xustificar a subvención nos termos establecidos nas presentes bases.

10.- Procedemento e instrución do mesmo. Resolución

1.- O procedemento de tramitación e concesións de axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, polo tanto, no ten a consideración de concorrência competitiva, senón que a concesión de axuda realizarase pola comprobación do cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. A instrución do procedemento corresponderá ó Servizo de Emprego que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

En concreto, e para o caso de que a documentación aportada polo solicitante xerara dúbidas ou discrepancias, o instrutor poderá solicitar informe ao electricista municipal para verificar a imputación á actividade dos gastos de subministración eléctrica xustificadas, así como informe á policía local para verificar que a actividade que desenvolven se tivera visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo.

3. A proposta do servizo instrutor, a concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrência non competitiva, establecéndose como criterio de ordenación (a efectos soamente de orde de tramitación) a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa á devandita solicitude. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas.

4. No caso de coincidencia de data e hora entre dúas ou máis solicitudes, procederase a realizar un sorteo en presenza dos membros do servizo de Emprego, e en todo caso da secretaria do Concello.

5. O órgano instrutor comprobará polo seu orde cronolóxico de presentación as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos exixidos, ata agotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente pola alcaldía.

6. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez (10) días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

7. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. As propostas de resolución, publicaranse a efectos de notificación no taboleiro de edictos electrónico do Concello.

11.- Pagamento da subvención

1.- O pagamento destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- En caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o Servizo xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

12.- Xustificación das axudas

1.- O control das obrigas esixidas no punto 9 efectuarase mediante a comprobación de oficio polo Concello de Mondoñedo.

2.- A persoa beneficiaria das axudas deberá presentar no cuarto mes a contar a partir do día seguinte ó da publicación da concesión da subvención:

— Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.

- Resolución/ certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.
- Informe de Vida Laboral da empresa expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social que abarque os 3 meses posteriores á concesión da subvención.

13.- Reintegro das subvencións

1.- O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerase polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial durante os 3 meses establecidos no punto 10 de convocatoria procederá o reintegro do importe da subvención por este concepto.

3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión de lle subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Servizo Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os intereses de demora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.

SOLICITUDE**AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MONDOÑEDO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19)**

APELIDOS E NOME:			
ENDEREZO, CP:			
DNI:		Teléfono de contacto:	
Enderezo electrónico:			
En representación e calidade de:			
NOME DA EMPRESA OU ENTIDADE:			
NIF:			
ENDEREZO, CP:			
LOCALIDADE:			

☐ Acepto expresamente que todas as comunicacións, requirimentos e notificacións que realice o Excmo. Concello de Mondoñedo relativas as presentes axudas, se realicen, de ser o caso, de xeito adicional á publicación das anteriores na páxina web e no Taboleiro de Edictos electrónico do Concello, mediante o seu envío á dirección de correo electrónico indicada nesta solicitude

EXPÓN

Que, vista a CONVOCATORIA DAS PRESENTES BASES DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO, considerando reunir os requisitos esixidos, segundo amosan os documentos que se achegan, e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, declara coñecer todas as obrigas como beneficiaria/o (artigo 14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións).

SOLICITA

A concesión dunha subvención ao abeiro das BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MONDOÑEDO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19), e segundo a documentación adxunta.

Mondoñedo,, de de 2020

Asdo.:

(O interesado ou representante legal)

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

DECLARACIÓN XURADA

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante o tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
- Que no caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.
- Que no caso de tratarse de traballadores autónomos, en relación ao bono social eléctrico ao que se refire o *artigo 28 do R.D. Lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 e a Orde TED/320/2020, de 3 de abril* (MARCAR O QUE PROCEDA):
 - o É beneficiario do bono social eléctrico
 - o Non é beneficiario do bono social eléctrico

Mondoñedo, de de 2020

Asdo.:

(O interesado ou representante legal)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016* e en cumprimento da *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, os datos recabados desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, para os fins indicados polo Concello de Mondoñedo e ante quen, as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentemento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación o tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e no poderán ser cedidos a terceiros salvo nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN	
PERSOAS FÍSICAS:	
☐	DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte
☐	Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso do local de desenvolvemento da actividade
☐	Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente
☐	No caso que a persoa física tivese concedido un adiamento/fraccionamento de débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Tesourería Municipal, deberá presentar coa solicitude, a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á concesión do adiamento
☐	Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da subvención
☐	Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa ATRIGA, Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte á Seguridade Social (TGSS)
☐	Facturas dos gastos de subministracións de electricidade afectos á actividade obxecto de subvención, xunto coa acreditación do seu pagamento.
☐	Resolución, no seu caso, da concesión do bono social eléctrico ao que se refire o artigo 28 do R.D. Lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 e a Orde TED/320/2020, de 3 de abril
PERSOAS XURÍDICAS, SOCIEDADES CIVILES, COMUNIDADE DE BENS E OUTRAS ENTIDADES ECONÓMICAS SEN PERSONALIDADE XURÍDICA:	
☐	CIF
☐	Certificado actualizado de Situación Censal da entidade solicitante que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o local de desenvolvemento da actividade
☐	Contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica
☐	Escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro
☐	Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa
☐	DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma
☐	Alta no réxime da Seguridade social correspondente da persoa administradora
☐	No caso que a persoa xurídica, comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade sen personalidade xurídica, que realice a solicitude de subvención tivese concedido un adiamento/fraccionamento de débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Tesourería Municipal, deberá presentar coa solicitude, a resolución de concesión do mesmo xunto ao último certificado de carecer de débedas posterior á concesión do adiamento
☐	Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da subvención
☐	Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa ATRIGA, Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte á Seguridade Social (TGSS)
☐	Facturas dos gastos de subministracións de electricidade afectos a actividade obxecto de subvención, xunto coa acreditación do seu pagamento.

o Documento no que se faga constar expresamente, no caso de sociedades civís e comunidades de bens, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como a porcentaxe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. No mesmo documento, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación

o Marcando cunha cruz a casilla anterior autorízase ao Concello para a consulta do informe de vida laboral ante a TGSS

Mondoñedo, , de de 2020

Asdo.:

(O interesado ou representante legal)

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN
Os beneficiarios das axudas presentarán nos dous meses seguintes ao cumprimento do prazo obrigatorio establecido na base undécima, a seguinte documentación:
o Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade
o Resolución/ certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación
o Informe de Vida Laboral da empresa expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social que abarque o período establecido na base 11.1.a).

Mondoñedo, , de de 2020

Asdo.:
(O interesado ou representante legal)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016* e en cumprimento da *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, os datos recabados desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, para os fins indicados polo Concello de Mondoñedo e ante quen, as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentemento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación o tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e no poderán ser cedidos a terceiros salvo nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

MODELO DE REPRESENTACIÓN NO PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DAS AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MONDOÑEDO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19)

OUTORGAMENTO DA REPRESENTACIÓN:

D/D^a

Con enderezo en

Con NIF nº

OUTORGA A SÚA REPRESENTACIÓN A:

D/D^a

Con NIF nº

Con enderezo a efectos de notificacións,

Enderezo

para que actúe ante o Concello de Mondoñedo no procedemento de solicitude das **AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MONDOÑEDO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19)**

ACEPTACIÓN DA REPRESENTACIÓN:

Coa sinatura do presente escrito o representante acepta a representación conferida e responde da autenticidade da firma do outorgante, así como da copia do DNI do mesmo que acompaña a este documento.

Ena.....de 2020

En.....a.....de 2020

O OUTORGANTE

O REPRESENTANTE

Asdo.: Asdo.:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO

MODELO COMUNEROS-SOCIOS C.B./S.C.

(Documento no que se faga constar expresamente, no caso de sociedades civís e comunidades de bens, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como a porcentaxe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que tenrá, igualmente a consideración de beneficiario. No mesmo documento, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponda á agrupación)

Don con DNI nº comunero/socio de C.B./S.C. no que posee unha porcentaxe de participación en dita comunidade/sociedade dun%, comprométese a executar as actuacións contempladas nas AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MONDOÑEDO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19), en caso de ser beneficiario da subvención solicitada, e en función da súa porcentaxe de participación na entidade.

Don con DNI nº comunero/socio de C.B./S.C. no que posee unha porcentaxe de participación en dita comunidade/sociedade dun%, comprométese a executar as actuacións contempladas nas AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MONDOÑEDO, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19), en caso de ser beneficiario da subvención solicitada, e en función da súa porcentaxe de participación na entidade.

Asimismo Don con DNI nº comunero/socio de C.B./S.C. e Don con DNI nº comunero/socio de C.B./S.C., nomean neste mesmo momento como persoa representante da CB/SC, e con poderes bastantes para cumprir as obrigas que como beneficiaria lle corresponda á agrupación a Don con DNI nº comunero/socio de C.B./S.C.

E para que surta os efectos oportunos asina o presente documento,

En Mondoñedo, a de de 2020

Don Don

Comunero/socio de CB/SC Comunero/socio de CB/SC

R. 0951

*Anuncio***ANUNCIO DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO 2018-2020**

O Pleno do Concello en sesión celebrada en data 29 de maio de 2020 acordou:

PRIMEIRO.- Proceder á modificación do Plan Estratéxico de Subvencións na súa redacción actual segundo acordos aprobados polo Concello Pleno nas súas sesións de datas 29 de decembro de 2017, 13 de abril de 2018 e 14 de agosto de 2019 nos seguintes termos:

a) Modificar o artigo 6 engandindo unha nova liña de subvencións:

Liña 4: Fomento do desenvolvemento económico do comercio local a través de axudas para paliar os efectos do coronavirus (Covid-19).

b) Modificar o capítulo VI do actual Plan, que pasará a denominarse:

CAPÍTULO VI. SUBVENCÍONS EN MATERIA DE FOMENTO DO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DO COMERCIO LOCAL A TRAVÉS DE AXUDAS PARA PALIAR OS EFECTOS DO CORONAVIRUS (COVID-19)**Artigo 10.****a) Obxectivo estratéxico:**

Paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Mondoñedo, outorgando liquidez os autónomos e as empresas do concello para, contribuíndo a facilitar o cumprimento das súas obrigas, axudar ao mantemento da actividade e así acadar a debida protección do emprego.

Protexer o interese xeral dos veciños e das veciñas de Mondoñedo, dando soporte ás persoas autónomas, microempresa e pequena empresa, así como aos traballadores por conta allea residentes no concello para minimizar o impacto da crise económica provocada polo COVID-19 e para que unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía do noso municipio, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas e xurídicas máis afectadas, como autónomos, pemes, traballadores e familias.

b) Prazo: Convocatoria exercicio 2020.

c) Costes previsibles: Os costes previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

d) Fontes de financiación: Financiado íntegramente con recursos propios do Concello.

e) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en concorrencia non competitiva, de conformidade coas bases que regulen a súa concesión.

f) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, se realizará mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

c) O Capítulo VI do actual Plan "CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN" pasará a denominarse Capítulo VII e manterá o seu mesmo contido, se ben coa reenumeración que corresponda aos artigos tras as modificacións aprobadas para o mesmo (artigos 11, 12, 13 e 14).

SEGUNDO.- Publicar a modificación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Mondoñedo para os exercicios 2018 - 2020 así aprobada no boletín oficial da provincia de Lugo.

Mondoñedo, 1 de xuño de 2020.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Lugide.

R. 0952

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NO GRUPO C, SUBGRUPO C2.

En Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2020 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas, ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben ó fax 982404812 ou ó correo electrónico rrhh@concello.monforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedeleemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 27 de maio de 2020.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0953

Anuncio

DECRETO DA ALCALDÍA

Por Decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019, procedeuse a realizar diversas delegacións das atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Como consecuencia da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, a escala nacional e internacional, o Goberno do Estado ao amparo do disposto no artigo 4, apartados b) e d), da Lei Orgánica 4/1981, de 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, declarou, mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, o estado de alarma en todo o territorio nacional co fin de afrontar a crise sanitaria.

Por Decreto da Alcaldía, de data 15 de marzo de 2020, dispúxose entre outros extremos, a suspensión das sesións periódicas ordinarias dos órganos colexiados do Concello de Monforte de Lemos (Xunta de Goberno, Pleno e Comisións Informativas), co motivo do citado Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Por Decreto da Alcaldía, de data 23 de marzo de 2020, dispúxose entre outros extremos, Revocar as delegacións das atribucións da Alcaldía feitas na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos, por decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019.

No momento actual, España xa inicia un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade e de contacto social establecidas polo referido Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Así, o pasado 28 de abril de 2020 o Consello de Ministros aprobou o Plan para a transición a unha nova normalidade, que establece os principais parámetros e instrumentos para a consecución da normalidade a teor do artigo 3 do Real Decreto 514/2020, 8 de maio.

Este procedemento, denominado de desescalada, estase articulado en catro fases, da fase 0 a fase 3, e estase aplicando de forma gradual e adaptable á evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

Neste contexto, entre outras, a Orden SND/399/2020, de 9 de maio, e a Orden SND/414/2020, de 16 de maio contempla a flexibilización de determinadas restricións

de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación respectivamente da fase 1 e da fase 2 do Plan para a transición a unha nova normalidade e a flexibilización do número de persoas as que, coas medidas sanitarias ordeadas pola autoridade competente, lles es permitido compartir lugares de xuntanza.

Ante a evolución epidemiolóxica positiva e o oportuno cumprimento dos criterios establecidos, se procede a estender a flexibilización dalgunhas medidas que corresponden á fase 2 para determinadas unidades territoriais a cuxo fin a Orden SND/442/2020, de 23 de maio, modifica as unidades territoriais incluídas nas citadas fase 1 e 2.

Para a Comunidade Autónoma de Galicia, provincias de Lugo, A Coruña, Ourense e Pontevedra, serán de aplicación as restricións correspondentes á Fase 2 a partir do 25 de maio de 2020. (BOE n.º 147 de 24 de maio de 2020).

Coa finalidade da volta a normalidade preexistente, que os órganos colexiados municipais volten o seu funcionamento ordinario e que a administración municipal continúe, na medida do posible, cun funcionamento habitual de forma que os cidadáns non se vexan afectados, mais do imprescindible, nas súas relacións coa administración municipal, procede adoptar as medidas necesarias para a celebración das sesións ordinarias dos órganos colexiados municipais, e que exerzan as competencias que, con anterioridade á declaración do estado de alarma, viñan desempeñando.

En consecuencia, con base no anteriormente exposto e con base no disposto nos artigos 21 e 23 da Lei da 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 43, 44 e 114 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o decreto da Alcaldía de data 23 de marzo do 2020 polo que se dispuxo a revocación da delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Declarar a vixencia do decreto de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno local, de data 17 de xuño do 2019.

TERCEIRO.- Deixar sin efecto Decreto da Alcaldía, de data 15 de marzo de 2020, polo que se dispuxo a suspensión das sesións periódicas ordinarias dos órganos colexiados do Concello de Monforte de Lemos (Xunta de Goberno, Pleno e Comisións Informativas), co motivo do citado Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e, en consecuencia, proceder á celebración das sesións dos citados órganos nas datas que viñan determinadas con anterioridade, sendo a próxima sesión da Xunta de Goberno ordinaria e presencial o día 1 de xuño de 2020 e o próximo Pleno Ordinario e presencial o vindeiro día 29 de xuño do 2020.

CUARTO.- Dar traslado do presente decreto a tódolos concelleiros/as da Corporación e as unidades administrativas do Concello, así como á publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello.

Monforte de Lemos, 27 de maio de 2020.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0954

PANTÓN*Anuncio***EDICTO.**

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDIENTE AO PRIMEIRO BIMESTRE DE 2020.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 14.05.2020, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao primeiro bimestre de 2020, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao primeiro bimestre de 2020.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 15.06.2020 ao 17.08.2020, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 15.07.2020
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n - 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 - Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 22 de maio de 2020.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0944

Anuncio

EDICTO.

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA DOS PADRÓNS FISCAIS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AOS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2020.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 14.05.2020, aprobou os Padróns fiscais da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes aos meses de marzo e abril de 2020, os cales se expoñen ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación dos Padróns e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de marzo de 2020 e Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes abril de 2020.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 15.06.2020 ao 17.08.2020, ambos inclusive. Data de cargo en conta:
 - o Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de marzo de 2020: 15.07.2020
 - o Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2020: 31.07.2020
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n - 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 - Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 22 de maio de 2020.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0945

RIOTORTO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello, aprobou as bases en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2020 que han de rexer no outorgamento de subvencións para o ano 2020.

Obxecto: O obxecto das subvencións é a realización de actividades culturais e deportivas, segundo a definición contida no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Riotorto, publicada no B.O.P. de 8 de marzo de 2007 e realizadas dende o 01/01/2020 ata o 30/11/2020.

Requisitos que deben reunir os beneficiarios: As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades de carácter cultural ou deportivo, así como as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Deberán ter o seu domicilio fiscal no concello de Riotorto.

Partida presupostaria: 334-480.

Prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes de subvención deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Riotorto, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén poderá presentarse na forma establecida na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Modelo de solicitude: Obrante na Secretaría Municipal.

BOP de publicación da ordenanza xeral de subvención: 8 de Marzo de 2007, 27 de Marzo de 2007 e 19 de Xaneiro de 2009.

Riotorto, 26 de maio de 2020.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0947

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO DO MES DE OUTUBRO DE 2019.

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 2020-0149 de 25 de maio de 2020, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Ximnasio Municipal do Concello de O Valadouro, correspondente ao mes de outubro de 2019 polo importe total de 120,00€

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 25 de maio de 2020.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0948

VILALBA

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais), expónse ó público, durante o prazo de **30 días hábiles**, a **modificación das ordenanzas fiscais números 3, 4, 6, 8, 12, 13 e 18**, reguladoras respectivamente do "Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana", do "Imposto de construcións, instalacións e obras, e licenzas de primeira ocupación", da "Taxa por licenzas de apertura de establecementos de actividades de avaliación de incidencia ambiental, sometidas ó decreto 133/2008 e ó Regulamento de espectáculos públicos 2816/1982, e ó Decreto 292/2004, catálogo de espectáculos públicos", da "Taxa pola expedición de documentos administrativos, da "Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa", da "Taxa por ocupación da vía pública con mercadorías, valos, estadas e outras instalacións análogas", e da "Taxa pola realización de actividades administrativas de inspección, control e verificación de actividades en réxime de declaración responsable", que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión extraordinaria celebrada o día **25/05/2020**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou

presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 26 de maio de 2020.- A alcaldesa. Elba Veleiro Fernández.

R. 0955

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 2/2020 de suplemento de créditos. Expediente n.º: 1181/2020

O Pleno do Concello de Vilalba, en sesión celebrada o día 25 de maio de 2020, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos 2/2020 de suplemento de créditos por importe de 30.000 euros.

O expediente permanecerá exposto ao público, na oficina da Intervención municipal, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Vilalba, 27 de maio de 2020.- A alcaldesa. Elba Veleiro Fernández.

R. 0956

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN 1/2020 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2020. RELACIÓN NOMINAL DE SUBVENCIONS

Para os efectos do establecido no art. 169 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, exponse ó público, durante o prazo de **15 días hábiles**, o expediente da *"Modificación 1/2020 das Bases de Execución do presuposto 2020: relación nominal de subvencions"*, que se aprobou inicialmente polo **Concello Pleno o día 25/05/2020**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente, e/ou presentar as reclamacións ou alegacións que estimen oportunas, ante o Pleno, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación e/ou alegación.

Vilalba, 27 de maio de 2020.- A alcaldesa. Elba Veleiro Fernández.

R. 0957